

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

David Losada Fernández, presidente da Federación Galega de Halterofilia, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

EXPOÑEN

1. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 33 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. En concreto correspóndenlle á Secretaría Xeral para o Deporte, entre outras, a promoción e a difusión da actividade física e do deporte, a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva, así como, a través da Subdirección Xeral de Plans e Programas, a elaboración de plans e programas relacionados co ámbito deportivo non competitivo, especialmente relativos á promoción da actividade física no conxunto da sociedade e ao desenvolvemento das funcionalidades económica, social e educativa do deporte, e a través do Servizo de Deporte en Idade Escolar, do fomento e a promoción da actividade física e deportiva entre a poboación escolar e a elaboración dos plans e programas relacionados co deporte en idade escolar.
2. Segundo o disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle á Administración Autonómica, entre outras, formular políticas





transversais de fomento da actividade física, así como a de promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar.

3. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración. Segundo o disposto no artigo 56.2. b) as Federacións Deportivas exercerán como funcións propias, entre outras, a de colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
5. De acordo co previsto no Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, creouse a Consellería de Emprego e Igualdade e en desenvolvemento do mesmo aprobouse o Decreto 130/2020, do 17 de setembro polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, modificado polo Decreto 111/2021, do 22 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, correspóndenlle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.
6. O 19 de abril de 2021 na Conferencia Sectorial de Igualdade fíxanse os criterios de distribución ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e de Melilla, así como a distribución resultante, do crédito destinado no ano 2021 ao desenvolvemento do Plan Corresponsables.
7. O Plan Corresponsables concíbese no seu primeiro ano de implantación, como unha política semente que permita articular mecanismos en colaboración coas Comunidades Autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla para o apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos; así como con outros eixos de actuación relacionados coa creación de emprego, a dignificación e recoñecemento da experiencia profesional de coidados, a sensibilización en materia de corresponsabilidade e a articulación de bases informativas de recursos dispoñibles neste campo.



8. O Plan Corresponsables é unha nova política pública que ten por obxecto iniciar o camiño cara á garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo do artigo 44 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e desde un enfoque de garantía de dereitos universais, á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias.
9. O desafío está en deseñar sistemas integrais de coidado desde unha perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos que promovan a corresponsabilidade entre mulleres e homes, Estado, mercado, familias e comunidade. Sistemas que inclúan políticas articuladas sobre o tempo, os recursos, as prestacións e os servizos públicos universais e de calidade, para satisfacer as distintas necesidades de coidado da poboación, como parte dos sistemas de protección social e desde unha concepción que eleve o dereito ao coidado ao rango e protección doutros Dereitos Humanos.
10. Os obxectivos esenciais deste convenio son, dar cumprimento ao PLAN CORRESPONSABLES e ademais, actuar directamente con programas e accións que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e **favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos inclusive.**
11. Na data do 1 de marzo de 2022 a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte asinaron un convenio de colaboración para desenvolver medidas previstas no Plan Corresponsables.
12. Na data do 11 de marzo de 2022 a Secretaría Xeral para o Deporte cursou unha invitación formal ás 58 Federacións Deportivas Galegas aos efectos de articular un convenio de colaboración coas que finalmente manifestaran o seu interese en colaborar no desenvolvemento deste Plan no marco das súas liñas de actividade orientadas exclusivamente ao obxecto do Convenio recollido na cláusula primeira e non a todas as liñas de actuación do Plan Corresponsables“.
13. O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de dar apoio específico das necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos (inclusive) , como parte dos sistemas de protección social.

Para tal efecto, as partes subscriben este convenio que se suxeitará ás seguintes,



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

1.1 O obxecto deste convenio é establecer para o ano 2022 as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Halterofilia, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables **a través da realización de actividades de animación socio deportiva**, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, á adquisición de hábitos de vida saudable a través da mesma.

Con este convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte financiará os gastos ocasionados con motivo da habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, que poidan prestarse en dependencias públicas habilitadas ao efecto e a través do desenvolvemento dos seus respectivos programas deportivos na anualidade 2022 ,para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

Ademais, preténdese fomentar a creación de emprego de calidade no sector dos coidados, para garantir a calidade dos servizos prestados a través das bolsas de coidado profesional de cara á promoción da igualdade entre mulleres e homes e fomentar a corresponsabilidade.

Tamén se pretende fomentar a iniciación na práctica dunha modalidade deportiva, á vez que á adquisición de hábitos de vida saudable a través da práctica do deporte potenciado os beneficios para a saúde física e mental.

1.2 Ao amparo do disposto no presente convenio serán subvencionables as seguintes accións:

Subvencionarase a creación de bolsas de coidado profesional de calidade, para o coidado de nenas, nenos, mozas e mozos de ata 16 anos inclusive, que proporcionen servizos de carácter colectivo que poidan prestarse en dependencias convenientemente habilitadas para o efecto, tales como escolas, centros municipais, multiusos, polideportivos, ludotecas, etc., cumprindo coas garantías sanitarias, así como coa normativa que lle sexa de aplicación.

Subvencionaranse actuacións de nova creación ou ampliación e mellora das existentes.

Queda excluída o financiamento de gastos que se materialicen en prestacións económicas directas a persoas e/ou familias.



Segunda.- Financiamento e importe da axuda.

2.1. Co fin de cumprir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Federación Galega de Halterofilia unha subvención por un importe máximo de ata **34.807 euros**, imputables á aplicación orzamentaria e á anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0 (código de proxecto 2021 00175)
Anualidade 2022

Terceira.- Concorrenza con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a federación para a realización das actuacións obxecto deste convenio sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola federación con motivo das ditas actuacións.

Cuarta.- Obrigas da federación.

4.1. Desenvolver o Plan Corresponsables para a habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e mozas e mozos de ata 16 anos, desenvolvendo actividades de animación socio deportiva, de acordo as seguintes obrigas:

4.1.a Os perfís profesionais para o desenvolvemento destas actividades serán: Técnica/o Superior en Educación Infantil, Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística, Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva, Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre, Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia, Técnicos/as e Monitores deportivos e deben incluírse as diferentes cláusulas de contratación social que favorezan a igualdade de xénero e garantan as mellores condicións laborais posibles.

4.1.b O desenvolvemento das actividades terá lugar prioritariamente nos espazos públicos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade habilite ao efecto, no seu caso.

4.1.c A Federación xestionará o acceso ás actividades das nenas e nenos, priorizando no acceso ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Así mesmo, nos procesos de valoración de acceso aos programas e prestacións financiadas por este Plan, terase en conta o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que pretendan participar nos mesmos, tendendo a favorecer a gratuidade e a universalidade das actuacións.



4.2. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais establecidas no convenio, son obrigas da federación o cumprimento dos seus termos, así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4.3. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da documentación por medios electrónicos a través do formulario, que se achega como Anexo a este convenio, a través do PR004A.

Se a persoa representante da federación entrega a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da documentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

4.4. Documentación que se debe presentar:

- a) Anexo I.- Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido, entre outros datos, o seguinte:
- Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou doutros organismos internacionais.
 - Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Declaración de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
 - Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Declaración de estar cumprindo coa Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
 - Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo o anexo VI reflectido neste convenio.





- Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento deste Plan no ano 2022, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade.
- Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a súa consulta deberán achegar os seguintes documentos:

- DNI ou NIE da persoa representante.
 - NIF da entidade.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
 - Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- b) Anexo II.- Proxecto de desenvolvemento do Plan.
- b) Anexo III.- Relación de documentos e declaracións para o cobro do 2º anticipo.
- c) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades.
- d) Anexo V.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación do segundo pago.
- e) Anexo VI.- Certificación das obrigas de transparencia.
- f) Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- g) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándoos coas actividades realizadas.
- h) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Consellería de Emprego e Igualdade, da Secretaría Xeral para o Deporte, do "Ministerio de Igualdad e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra la Violencia de Género".



4.5. Con carácter posterior á firma do convenio, a federación estará suxeita as seguintes obrigas:

- a) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación da Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. A federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- b) Comunicarlle ao órgano concedente a modificación de calquera das circunstancias tanto obxectiva como subxectiva que afectase a algún dos requisitos ou parámetros tidos en conta na valoración do proxecto presentado con motivo da elaboración do convenio, especialmente ao concernente os datos introducidos na aplicación <http://fedgalicia.com>.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, para o efecto das actuacións de comprobación e control.
- d) Dispoñer do libro de contabilidade establecido no artigo 43 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- e) Subministrarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- f) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. En consecuencia, os premios que conceda a federación ás persoas deportistas seranlles outorgados en condicións de igualdade por razón de xénero, e non poderá incluírse nos calendarios oficiais probas ou competicións nos que non se garanta a referida igualdade.
- g) Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta federación.



- h) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 3 de abril.
- i) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.
- j) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- k) Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á federación, das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- l) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- m) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

Quinta.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do cincuenta por cento (50%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio previa solicitude por parte da federación. A federación remitirá o anexo I no que determinará o importe do anticipo solicitado xustificando, no suposto de que se solicite o 50%, a súa necesidade para a viabilidade do obxecto do Convenio.
- Un segundo pagamento, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

Sexta.- Xustificación da subvención.

6.1. Prazos de xustificación.



De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:

- a) A xustificación do 50% do importe do convenio ata o 30 de setembro de 2022. No suposto de que o primeiro pagamento sexa inferior a ese 50%, o importe da xustificación corresponderase co importe do anticipo recibido.
- b) A xustificación do restante 50% do importe total do convenio, ou da parte correspondente ao segundo anticipo no seu caso, ata o 10 de decembro de 2022

Se transcorresen estes prazos sen que a federación presentase a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará a apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6.2. Documentación que se debe entregar.

6.2.1. Na xustificación do primeiro pagamento, ata o 30 de setembro de 2022 a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo III.- Relación de documentos e declaracións para o cobro do segundo anticipo no seu caso.
- b) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa.

6.2.2. Na xustificación do segundo pagamento, ata o 10 de decembro de 2022, a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.



- b) Anexo V.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación do segundo pago.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa.

6.3. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitrxes, axudas de custo e quilometraxes.

6.4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 € deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que realicen as actividades obxecto do gasto ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do convenio. Os orzamentos deberán solicitarse e estar datados con anterioridade á contratación levada a cabo pola federación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa..

6.5. De conformidade co artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, a federación poderá delegar nun club deportivo a organización total o parcial dunha actividade, en cuxo caso este último terá igualmente a consideración de beneficiario. A xustificación económica das actividades realizadas polos clubs efectuarase a través da federación na que se integren. A federación, para xustificar os gastos nos que incorra o club, deberá achegar a seguinte documentación:

1. Convenio de colaboración co club no que conste expresamente que este último actúa por conta e representación da federación, para os efectos da subvención, e no que se concrete a actividade a desenvolver polo club.
2. Acreditación de que o club reúne os requisitos previstos polo artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Memoria asinada polo representante legal do club detallando todas as actividades realizadas e o custo de cada unha delas, acompañada das correspondentes



facturas así como dos xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada.

4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 € será de aplicación a previsión da cláusula 6.4 para os gastos no que incorra o club.

6.6. Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención, quedan suxeitos ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores contratados especificamente para o desenvolvemento deste programa, así como o do persoal Federativo que adique ao mesmo, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).
- b) A xustificación dos custos laborais necesariamente está condicionada ás declaracións da persoa representante de que as persoas traballadoras cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio e á non discriminación retributiva entre mulleres e homes, no caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores.

Sétima.-Gastos subvencionables.

1. Para os efectos deste convenio considéranse gastos subvencionables aqueles que están ligados de maneira indubitada á execución das actuacións realizadas polas entidades beneficiarias, para a execución das actuacións previstas.

2. Inclúiranse os seguintes gastos:

- a) Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas que se contraten para a bolsa de coidados conforme co Plan Corresponsables.
- b) Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas que sexan contratadas para a tramitación dos expedientes administrativos e/ou a coordinación derivadas da xestión do Plan Corresponsables, ata un máximo do 5% da contía asignada.
- c) Custos referidos a limpeza, desprazamentos e seguros que de maneira inequívoca respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecido.
- d) Ata un máximo do 5% da contía asignada para gastos xerais (material oficina, custes teléfono, internet, transporte, etc.)



3. As subvencións a outorgar no marco do presente convenio destinaranse ao financiamento das actuacións previstas,. A entidade debe abonar á persoa contratada, polo menos, o importe fixado como salario mínimo interprofesional.

4. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 10 de decembro do 2022.

Non obstante, segundo o establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a acreditación do gasto relativo ás nóminas, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre realizárase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que respondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso a acreditación do pagamento previo por parte das entidades beneficiarias.

En relación aos gastos relativos a nóminas, cotizacións á seguridade Social e retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, aos que fai referencia o parágrafo anterior, as entidades beneficiarias están obrigadas a acreditar o efectivo pagamento de ditos gastos con anterioridade ao 15 de febreiro do 2023. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe de subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe de subvención percibida polas entidades beneficiarias por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta das entidades.

Terán polo tanto, a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa e adaptase as liñas de acción obxecto do convenio :

1. Contratación das persoas coidadoras que terán a seguinte cualificación: Técnica/o Superior en Educación Infantil, Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística, Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva, Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre e Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia.
2. As remuneracións do persoal executante das acción ligadas ó Plan Corresponsables e vinculadas ao presente convenio, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).
3. Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de comunicación e difusión ou similar.



4. Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, dispensadores de xel e outros produtos de limpeza e desinfección para a prevención da COVID-19.
5. Gastos xerais.

5. O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

<i>Federación</i>	<i>Zonas/localidades</i>	<i>Grupos</i>	<i>Estimación participantes</i>	<i>Monitores</i>	<i>Costes salariales monitores (1257,92€/media jornada)</i>	<i>Xestoría, publicidade e comunicación, equipamento, mantemento e aluguer, formación, seguros, etc. (248€/grupo)</i>	<i>Costes salariales Coordinación 5%</i>	<i>Gastos Xerais 5%</i>	<i>TOTAL/mes</i>	<i>TOTAL/6 meses</i>
Halterofilia	4	6	40	3	3.773,76 €	1.488,00 €	263,09 €	276,24 €	5.801,09 €	34.807 €

Oitava.- Gastos non subvencionables.

8.1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos sobre a renda das persoas física e xurídicas.
- f) Gastos de relacións públicas e representación.
- g) Material de publicidade e propaganda propios da federación.
- h) Publicacións propias (anuario, revistas...).
- i) Compra de bens destinados á venda.



- j) Outros gastos sociais.
- k) Atencións persoais.
- l) Gastos en galas ou celebracións.
- m) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- n) En relación coas axudas de custo, en ningún caso se poderán tramitar cando xa se tivesen cuberto os gastos de desprazamento, aloxamento e alimentación.
- o) Os billetes emitidos e non utilizados.
- p) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, minibar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da federación.
- q) Imposto sobre sociedades.
- r) Diñeiro en metálico a conta.

Novena.-Persoas destinatarias finais das actuacións obxecto do Convenio.

1. As actuacións destinaranse ao coidado de menores en familias con fillas e fillos de ata 14 anos inclusive, e con carácter prioritario en caso de vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións, especialmente cando teñan que acudir a interpoñer denuncias, procesos xudiciais, citas médicas e terapéuticas, ou outros trámites burocráticos; familias monomarentais e monoparentais; mulleres en situación de desemprego para realizar accións formativas ou procura activa de emprego; mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

2. Nos procesos de valoración de acceso aos servizos postos en marcha con cargo aos fondos recibidos deberán considerarse como criterios de valoración o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que soliciten a participación nos mesmos.

Décima.- Comisión de seguimento e interpretación.



Para o seguimento do grao de execución do convenio e a proposta de solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polas seguintes persoas representantes:

- Tres persoas representantes designadas pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dúas persoas representantes da federación galega.

Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán ser resoltas pola Secretaria Xeral para o Deporte como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Outra das obrigas derivadas do presente convenio cara a composición desta comisión de seguimento e interpretación, xunto coa lexitimidade dos integrantes, é a existencia de paridade entre mulleres e homes entre a representación das persoas designadas para formar parte da mesma.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia deste convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 10 de decembro do mesmo ano.

Son causas de resolución do convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.-A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.

Décimo segunda.- Supostos de reintegro.

No caso de que a federación incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas a persoa beneficiaria son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ante a constatación do incumprimento do disposto neste convenio ou dalgunha obriga en concreto, previo requirimento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, convocarase á Comisión de seguimento aos efectos de que na mesma se realice o trámite de audiencia do interesado. Logo do trámite de audiencia determinarase o



incumprimento e a cuantificación da revogación total ou parcial da subvención concedida.

Décimo terceira.- Notificacións

12.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

12.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

12.3. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

12.4. Se o envío da notificación electrónica non foi posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos demais medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro de axudas.

A persoa beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



Décimo quinta- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

Este convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Ademais seralle de aplicación supletoriamente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e de rexistro na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A súa xestión realizarase de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e así mesmo cumpre cos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En proba de conformidade asíñase o presente no lugar e data arriba indicados.

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

O presidente da Federación Galega de Halterofilia

David Losada Fernández



ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVENIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES	PR004A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE					
RAZÓN SOCIAL					NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	PISO	PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO AO QUE SE LLE SOLICITA	CONCEDIDA	IMPORTE
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar cumprindo coa resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.

7. Estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

8. Todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento deste Convenio que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

9. A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.

10. No caso de presentar custos laborais que os traballadores cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo.

11. No caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores estes terán igualdade salarial.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

- NIF da entidade solicitante
- DNI/NIE da persoa representante
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, _____ de _____ de _____

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO II

FEDERACIÓN	COORDINADOR /PLAN CORRESPONSABLES	CORREO ELECTRÓNICO/TFNO	LOCALIDADES	LOCALIZACIÓN INSTALACIONES	Nº GRUPOS	REQUISITOS DE CADA GRUPO (nº alumnos, idades, duración da actividade, etc.)	MESES	HORARIOS	CORREO ELECTRÓNICO/TFNO. NO QUE SOLICITAR A INSCRICIÓN





ANEXO III
RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS PARA O COBRO DO 2º ANTICIPO

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA

O cobro do 2º anticipo por importe de _____ €, equivalente ao ____ % restante do total do Convenio.

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de _____ €
- Que no momento da sinatura do Convenio recibiu como 1º anticipo a cantidade de _____ €, equivalente ao ____ % do importe total.
- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO AO QUE SE LLE SOLICITA	CONCEDIDA	IMPORTE
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que a entidade non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento deste Convenio que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- No caso de presentar custos laborais que os traballadores cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo.
- No caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores estes terán igualdade salarial.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Relación clasificada de gastos por programas por importe de _____ € (anexo IV)
- Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data					
	,	de		de	

Secretaría Xeral para o Deporte





ANEXO V

RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS PARA A XUSTIFICACIÓN DO SEGUNDO PAGO

DATOS DA ENTIDADE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de _____ €
- Que no momento da sinatura do Convenio recibiu como 1º anticipo a contía de _____ €
- Que xustificado en tempo e forma o 1º anticipo recibiu o 2º anticipo por importe de _____ €, restante do total do Convenio
- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	CONCEDIDA	IMPORTE
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

- No caso de presentar custos laborais que os traballadores cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo.
- No caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores estes terán igualdade salarial.
- Que todos os datos contidos neste e nos demais documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Relación clasificada de gastos por programas por importe de _____ € (anexo IV)
- Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándoos coas actividades realizadas.
- Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Secretaría Xeral para o Deporte

